



Herald Toupeiras • Central Sindical Independente e de Funcionarios



HT
Herald Toupeiras
Estamos X ti



News Semanais

Do 14 ao 19 de marzo

2016

INDICE:

1. DEVOLUCIÓN DA PAGA EXTRA 2012. INFORMACIÓN DA REUNIÓN MANTIDA O PASADO MÉRCORES CO CONSELLEIRO DE FACENDA
2. NOTA INFORMATIVA DA COMISIÓN DE PERSOAL - 16 DE MARZO
3. NOTA INFORMATIVA DO PLENO ORDINARIO DO COMITÉ INTERCENTROS DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL DA XUNTA DE GALICIA - 16 DE MARZO
4. PROCESOS SELECTIVOS E DE TRASLADOS NA ADMINISTRACIÓN XERAL DA XUNTA DE GALICIA
5. DATOS DE FLEXIBILIDADE E TELETRABALLO DO PERSOAL DA XUNTA DE GALICIA
6. ALEGACIÓNS AO BORRADOR DE RESOLUCIÓN POLO QUE SE REGULA O PROCEDIMENTO DE COBERTURA TEMPORAL DE POSTOS DE PERSOAL FUNCIONARIO SANITARIO DA ESCALA DE SAÚDE PÚBLICA E ADMINISTRACIÓN SANITARIA (Lei 17/1989)
7. NOTA INFORMATIVA DA REUNIÓN CON FUNCIÓN PÚBLICA - 18 DECEMBRO
8. O CAMBIO HORARIO DE VERÁN EFECTUARASE O VINDEIRO 27 DE MARZO
9. CONVOCATORIA DE PROBAS DE AVALIACIÓN PARA A OBTENCIÓN DO CODIX EN OFIMÁTICA
10. OFERTAS PÚBLICAS DE EMPREGO NAS ENTIDADES LOCAIS DE GALICIA
11. GUÍA DE PRIMEIROS AUXILIOS: AFOGAMENTO E URXENCIAS PEDIÁTRICAS
12. THE WEEKLY PRESS



sumando



1. DEVOLUCIÓN DA PAGA EXTRA 2012. INFORMACIÓN DA REUNIÓN MANTIDA O PASADO MÉRCORES CO CONSELLEIRO DE FACENDA

CSI-F VALORA DE XEITO POSITIVO A DEVOLUCIÓN ÍNTEGRA DA PAGA EXTRA DE 2012 PERO CONSIDERA QUE ESTA MEDIDA É AÍNDA INSUFICIENTE

O sindicato espera que a Xunta séntese pronto a negociar a recuperación dos dereitos e condicións labores e económicas perdidas desde 2010

A Central Sindical Independente e de Funcionarios (CSI-F) valora de xeito moi positivo os pasos dados pola Xunta de Galicia, que abonará aos empregados públicos galegos nos meses de abril e de setembro deste ano o 50% da paga extra de Nadal de 2012 que aínda estaba pendente de cobrar. Así llo comunicou ao sindicato o pasado mércores o Conselleiro de Facenda, Valeriano Martínez, quen anunciou, ademais, que en 2017 os empregados públicos volverán percibir na súa totalidade as pagas extras, co complemento específico, aínda que non aclarou si será no mes de xuño ou en decembro.

En CSI-F, que vén reclamando de xeito insistente a devolución íntegra das pagas extraordinarias e a recuperación do suplemento específico eliminado en 2013 e que supón o 40% das mesmas, valora os pasos dados hoxe polo Goberno galego de xeito positivo pero cre que son aínda insuficientes. Sobre a mesa están aínda a posta en marcha de medidas encamiñadas a recuperar a totalidade das condicións laborais e económicas perdidas e dos dereitos recortados.

Desde CSI-F confíase en que estas medidas, que seguramente teñan moito que ver coas próximas eleccións galegas, xa que a última nómina para cobrar será en setembro, preto xa das datas electorais, non se queden só nas medidas anunciadas hoxe. Esperamos que nos podamos sentar a negociar en breve outras demandas urxentes como son a restitución de todos os dereitos vulnerados do V Convenio, a recuperación dos tres días libre disposición pendentes e o levantamento das suspensións de todos os acordos de mellora retributiva.



2. NOTA INFORMATIVA DA COMISIÓN DE PERSOAL - 16 DE MARZO

Na Comisión de persoal celebrada o 16 de marzo, votouse ao respecto dos temas tratados na anterior Mesa Xeral e algún máis que xa pasou anteriormente pola mesma:

1. PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA RPT DA AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA (AMTEGA).

Con respecto á proposta de modificación da RPT da AMTEGA non houbo modificacións na dita proposta dende a Mesa Xeral do pasado 11 de marzo. Así as cousas, quedou aprobada a modificación da RPT co voto en contra da CSI•E, xa que non se modificou a provisión por LD nin a apertura a outras Administracións do posto de "Xefatura de Departamento de Sistemas". Entendemos que a mobilidade interadministrativa debe estar presidida polo criterio de reciprocidade, e non que as posibilidades de promoción ou de cambio de destino se produzan nun único sentido.

2. PROXECTOS DE ORDES POLAS QUE SE CONVOCAN DIVERSOS PROCESOS SELECTIVOS:

Polo que se refire ás cinco convocatorias que se levaron a comisión, a CSI•F posicionouse en contra das bases propostas pola Administración. Parécenos fora de lugar que non se estableza como sistema selectivo o concurso-oposición, cando menos para aqueles que concorran ao proceso selectivo pola quenda de promoción interna, opositores que solo están exentos dunha parte do primeiro exame.

Tampouco recibimos noticias neste tempo dunha prometida proposta da Administración en torno ao establecemento dunha **nota de corte**.

Ao respecto destes procesos selectivos, serán convocados no mes de abril, agás o correspondente á escala de Letrados e a orde pola que se convoca proceso selectivo da escala de ciencias (bioloxía e química) e de enxeñeiros (enxeñaría industrial). Neste segundo caso o retraso deberase a unha consulta acerca das titulación de Ciencias do Mar e a posibilidade ou non de concorrer ás prazas de bioloxía.

3. ESTATUTO DO INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA:

neste punto si que se producen modificacións dende a mesa xeral de decembro de 2015 na que se tratou o asunto. Se modifican os artigos 24 e 25, segundo o alegado pola CSI•F para deixar claro que o persoal do IGE será persoal funcionario o laboral da Xunta de Galicia, e polo tanto, sometido á normativa xeral aplicable a estes colectivos.

OUTRAS INFORMACIÓNS:

1. Concurso de traslados de corpos xerais:

xa está constituída a comisión de valoración e estase coa comprobación da baremación provisional que estaba dando error para a súa publicación este venres. De momento non temos máis información acerca dos prazos nos que poderíamos movernos para a resolución e a toma de posesión correspondente ata que quede constatado que se publican as valoracións provisionais.



2. **Proceso de integración do persoal de TURGALICIA e da Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo:** segundo a administración é factible inicialo en breve, sempre que se deixe para un momento posterior á Escola Superior de Hostalería, xa que este proceso de integración ten o problema engadido das categorías do persoal docente.
3. Con respecto ao **proxecto de decreto** para a contratación de **persoal laboral investigador** que prestaran servizos no sector público da Comunidade Autónoma de Galicia, o texto foi remitido ao Consello Consultivo, que obriga a facer algunhas modificacións referentes ao persoal laboral propio das entidades que contén con persoal investigador, e polo tanto haberá que realizar estas modificacións.
4. **Modificación da RPT da RPT do persoal funcionario da Consellería de Cultura, Educación e O.U.:**

CSI•F denuncia que algúns **Inspectores de Educación** se están a presentar nos centros de educación a fin de "dar cumprimento á proposta de modificación da RPT" cando está aínda sen aprobar e se atopa en plena fase de negociación coas OO.SS. Así mesmo CSI•F denuncia que ditos inspectores están en moitos casos a **coaccionar aos funcionarios e funcionarias para que asinen un Acta coa que non están conformes.** Neste senso, CSI•F xa ten presentados **dous escritos de denuncia** ante a propia Consellería de Educación así como ante a Dirección Xeral de Función Pública.



O vindeiro venres será tratado este tema nunha reunión entre as OO.SS e a Dirección Xeral de Función Pública. Pero ante a gravidade destas actuacións, CSI•F xa anuncia que exercerá todas accións precisas para que non se vulnere a negociación colectiva nin se adopten decisións arbitrarias e inxustas con respecto aos funcionarios e funcionarias dos centros educativos.

3. NOTA INFORMATIVA DO PLENO ORDINARIO DO COMITÉ INTERCENTROS DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL DA XUNTA DE GALICIA - 16 DE MARZO

Achegamos un breve resumo do tratado no pleno ordinario do Comité Intercentros de Seguridade e Saúde Laboral da Xunta de Galicia que se celebrou o pasado 16 de marzo:

1. LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA ÚLTIMA XUNTANZA.

Apróbbase por unanimidade a acta correspondente a última xuntanza do CISS.

2. PRESENTACIÓN E DEBATE DA MEMORIA DAS ACTIVIDADES PREVENTIVAS 2015.

a) Xestión da prevención.

Infórmase por parte do SPR que, no que se refire á organización dos recursos humanos do servizo de prevención propio, todos os postos de traballo dependentes deste atópanse cubertos, agás un posto no que o empregado público está en situación de excedencia.

Tamén se informa que no proceso de concorrencia para a adxudicación do servizo de prevención allea foi novamente Mugatira a empresa adxudicataria.

No referido ao Acordo sobre dereitos de participación do persoal ao servizo da Administración da Xunta en materia de PRL, todos os membros do CISS manifestamos a necesidade de buscar novas fórmulas

organizativas que permitan manter actualizado un sistema acorde coa estrutura cambiante da Xunta de Galicia.

Do mesmo xeito, infórmase que o correo corporativo do SPR da Xunta de Galicia recibiu ao longo de 2015 1770 consultas, achegas, reclamacións ou similares.

a) Accidentalidade e Investigación de accidentes.

Produciuse un incremento significativo dos accidentes producidos no 2015 con respecto da serie dos últimos 4 anos, quedando reflectidos un total de 506, dos cales 59 foron "in itinere".

Tamén, por primeira vez, supérase na Xunta de Galicia dende que hai rexistro histórico deste tipo, o índice de incidencia correspondente ao mes de Xuño.

Do mesmo xeito, segue a producirse un incremento moi significativo da accidentalidade na consellería de benestar e medio rural respecto das outras consellerías, e en concreto, nas categorías de ATS/DUE (94 accidentes), camareiro/a limpador/a (54), Coidador/a CAPD (74), Peón forestal (28) e persoal brigadas forestais (32). Asemade, as consecuencias destes accidentes soen ser debidas a sobre esforzos.

O SPR informa, que á vista destes datos, teñen previsto (conforme ao acordado no comité de Seguridade e Saúde Laboral da área de Traballo e Benestar) desenvolver un plan de choque específico a través do establecemento dunha formación concreta sobre como evitar e paliar os sobre esforzos aos traballadores e traballadoras. Dende CSI•F valoramos de forma positiva que se estableza este proceso formativo específico, pero instamos á Administración a que inclúa conxuntamente con esta medida formativa, as medidas organizativas necesarias xunto coa dotación precisa dos equipos de protección colectivos e/ou individuais.

Dende a parte social manifestamos que o incremento na accidentalidade pode inferirse facilmente debido ao incremento na carga de traballo que están a padecer os empregados públicos consecuencia das amortizacións de postos acaecidas nos últimos anos xunto coas suspensións de acordos e disposicións legislativas que restrinxen as condicións laborais dos traballadores/as.

Aproveitando a análise respecto dos accidentes ocorridos ao longo de 2015, CSI•F pon de manifesto a importante problemática xurdida das enfermidades orixinadas como consecuencia do traballo, as cales non poden ser catalogadas como enfermidades profesionais polo respectivo RD, pero que deben ser consideradas como accidentes de traballo (pero que a mutua négase a recoñecer a pesar de que se derivan da actividade laboral). Concretamente, poñemos de manifesto os casos ocorridos en diversas residencias de benestar con epidemias de gripes ou escabiosis que afectaron aos traballadores, os cales, ao non se lle considerar accidente laboral, prodúcenlle enormes perdas económicas aos traballadores/as afectados.

O representante do SPR informa que é consciente desta problemática e que xa instaron a Mutua a procura dunha solución ao respecto. Así, están á espera do informe dos servizos xurídicos da Mutua respecto desta casuística e que unha vez que dispoñan do referido informe, e en función do seu contido, valorarán as medidas a adoptar.

b) Avaliación de riscos.

Infórmase dos diferentes procesos de avaliación de riscos que se desenvolveron nos diversos centros ao longo de 2015, sumando un total de 143 (104 programadas e 39 solicitadas).

c) Medidas de emerxencia.

Igual que no caso anterior, solicitamos que se recollan os criterios que rexen ou se seguen para proceder as medidas de emerxencia duns centros e non de outros (debido a unha temporalidade, causado por sinistralidade, debido a unha solicitude, obriga legal, etc). Recolleranse de igual forma que no apartado anterior.

d) Vixilancia da saúde.

Tal e como temos solicitado dende CSI•F en múltiples ocasións, coa finalidade de preservar e protexer os datos de carácter médico dos traballadores/as, se articulase un procedemento de remisión telemática do informe do recoñecemento médico.

Así, dito procedemento xa leva tempo dispoñible para o recoñecemento médico xeral. Non obstante, no referido aos informes médicos específicos (por exemplo, o xinecolóxico) estaba pendente de que se articulase tamén a referida opción de remisión telemática.

O representante de Mugatra confirma que tamén está dispoñible este servizo para os recoñecementos específicos.

e) Formación.

Recóllese na memoria as diversas actividades formativas programadas referidas á Seguridade e Saúde Laboral.

f) Información, consulta e participación dos traballadores: Comités de SSL.

Anéxase na memoria as reunións dos diversos comités de seguridade e saúde laboral constituídos na Xunta de Galicia, constatándose unha vez máis, que non se está a cumprir coa obriga da reunión trimestral que establece a LPRL.

4. PROCESOS SELECTIVOS E DE TRASLADOS NA ADMINISTRACIÓN XERAL DA XUNTA DE GALICIA

Orde do 3 de marzo de 2016 pola que se aproba o **temario** que rexerá no proceso selectivo para o ingreso no corpo facultativo superior de Administración especial da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo A1, **escala de veterinarios.**

Resolución do 10 de marzo de 2016, da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se aproban e se fan públicas as listaxes definitivas de **admitidos/as e excluídos/as** do proceso selectivo para o ingreso no corpo auxiliar da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, **subgrupo C2.**

Resolución do 10 de marzo de 2016, da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se aproban e se fan públicas as listaxes definitivas de **admitidos/as e excluídos/as** do proceso selectivo para o ingreso no corpo administrativo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, **subgrupo C1.**


Resolución do 10 de marzo de 2016, da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se aproban e se fan públicas as listaxes definitivas de **admitidos/as e excluídos/as** do proceso selectivo para o ingreso no corpo de xestión da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, **subgrupo A2.**


Resolución do 10 de marzo de 2016, da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se aproban e se fan públicas as listaxes definitivas de **admitidos/as e excluídos/as** do proceso selectivo para o ingreso no corpo superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, **subgrupo A1.**

CONCURSOS DE TRASLADOS

Resolución do 4 de marzo de 2016, da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se aproba a relación provisoria de **admitidos e excluídos** do concurso para a provisión de postos de traballo vacantes do corpo superior da Administración da Xunta de Galicia, **escala superior de estatísticos**, e do corpo de xestión da Xunta de Galicia, **escala técnica de estatísticos**, convocado pola Resolución do 18 de xaneiro de 2016.

5. DATOS DE FLEXIBILIDADE E TELETRABALLO DO PERSOAL DA XUNTA DE GALICIA

DATOS A 29 DE FEBREIRO DE 2016: FLEXIBILIDADE E TELETRABALLO			
	TOTAL APROBADAS	SERVIZOS CENTRAIS	SERVIZOS PERIFÉRICOS
FLEXIBILIDADE AUTOMÁTICA	7.554	2.914	4.640
FLEXIBILIDADE CONCILIACIÓN POR	1.011	401	610
TELETRABALLO (APROBADAS)	68	55	13
TELETRABALLO (PRORROGADAS)	56	40	16

	TOTAL DENEGADAS	SERVIZOS CENTRAIS	SERVIZOS PERIFÉRICOS
FLEXIBILIDADE AUTOMÁTICA	26	1	25
FLEXIBILIDADE CONCILIACIÓN POR	13	1	12
TELETRABALLO	55	24	31

6. ALEGACIÓNS AO BORRADOR DE RESOLUCIÓN POLO QUE SE REGULA O PROCEDIMENTO DE COBERTURA TEMPORAL DE POSTOS DE PERSOAL FUNCIONARIO SANITARIO DA ESCALA DE SAÚDE PÚBLICA E ADMINISTRACIÓN SANITARIA (Lei 17/1989)

Remitimos mediante o presente escrito, sen prexuízo daqueloutras consideracións e propostas que podamos presentar ao longo deste proceso negociador, as seguintes alegacións:

1. Solicitamos, como premisa básica, a máxima axilidade na tramitación da resolución e na actualización das listas para a cobertura con carácter temporal de postos de traballo de persoal sanitario funcionario Lei 17/89, dado a enorme marxe temporal que leva estancado devandito sistema de cobertura (desde o ano 2000).
2. Que se valore a posibilidade de incorporar aos Licenciados en Enfermería (desde os acordos do plan Bolonia, 2010, existen licenciados en enfermería: grado 3 ou máster) á lista da clase de licenciados sanitarios (nivel 3: máster).
3. En canto ao baremo aplicable, relación experiencia/ope/galego, mantense a porcentaxe do acordo do Sergas do 2011, polo que parece razoable dita proporción.

No entanto, indícase no proxecto de resolución que "a asignación da puntuación correspondente a este apartado (ope) efectuarase de oficio pola administración, sen que a acode aspirante deba presentar ningunha documentación acreditativa". Así, a este respecto non se especifica o procedemento/método polo cal vanse a efectuar a asignación deses 55 puntos, motivo polo que solicitamos que se aclara e especifíquese devandito procedemento.

Do mesmo xeito, na resolución de abril do 2011 inclúese no baremo a formación acreditada, no mesmo apartado que a experiencia profesional (puntuando ambas un 40%). Por tal motivo, neste borrador botamos en falta que tamén se poida valorar a formación acreditada, todo iso sen prexuízo de dotar da máxima axilidade ao proceso de tramitación/elaboración da actualización das listas.

Listas contratación Lei 17/1989

4. Na resolución do 26 de abril do 2011, dentro do criterio en caso de empate, primaba a puntuación na Ope sobre a experiencia profesional, investíndose agora estes criterios (prima experiencia sobre ope). Solicitamos aclaración e xustificación deste cambio efectuado.

Así mesmo, en caso de empate na puntuación da experiencia profesional, tampouco se especifica cales serían os criterios obxectivos a aplicar. Neste sentido, desde CSI-F entendemos que se poden producir empates nalgunhas clases, polo que solicitamos que se perfeccione o baremo de desempate segundo criterios máis obxectivos que a idade, como poderían ser, a modo de exemplo, o cambio na valoracións do tempo traballado, reducíndoas: 0,15 por mes en posto da mesma clase (no canto de 25) e 0,075 puntos por mes en clase distinta (no canto de 0,075).

5. Solicitamos que, as novas listas unha vez elaboradas, procédase á súa actualización de forma periódica, e cando menos, unha vez ao ano.

6. Dado que solicitamos a máxima axilización na elaboración destas listas, e consecuente con tal petición, instamos á Administración a que se usen as actuais o menos posible, procedendo unicamente á súa utilización coas incorporacións que puidesen ser máis urxentes. En definitiva, solicitamos que só se contrate ao persoal máis urxente coas listas antigas, e se actualicen as novas canto antes.

7. Outras consideracións e solicitudes de CSI-F respecto dos procedementos de provisión de postos para este persoal (comisións de servizo).

Dado que o persoal da lei 17/89 ten difícil o participar nas comisións de servizo que se ofrecen/publican (poñendo como exemplos postos de inspector farmacéutico -funcionarios nivel 26- aos que non se permite acceder a inspectores farmacéuticos de saúde pública - funcionarios nivel 20 -), optando a administración por tirar da lista común (Licenciados en Farmacia) do 2000, desde CSI-F solicitamos:

- Que se prevexa un procedemento que facilite a promoción destes traballadores vía comisións de servizo, tipo adscrición temporal á nova praza ou similar.
- Que se estude e valore a posibilidade de establecer un procedemento de cobertura temporal de postos de persoal estatutario por funcionarios da Lei 17/89 e viceversa.

7. NOTA INFORMATIVA DA REUNIÓN CON FUNCIÓN PÚBLICA - 18 DECEMBRO

O director xeral de función pública convocounos a unha reunión o pasado venres 18 de decembro, na que se trataron os seguintes temas incluídos na orde do día:

1. PRESENTACIÓN DO DECRETO DE INVESTIGADORES.

Este proxecto de decreto enmárcase no compromiso da D.X. de Función Pública de completar a normativa respecto ao persoal investigador da comunidade autónoma de Galicia, en desenvolvemento da Lei 14/2011, de 1 de xuño, da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación.

En liñas xerais este proxecto desenvolve a normativa estatal coa vontade de paliar a situación de precariedade que existe no persoal investigador, que provén dun sistema de contratación por proxectos, e ao que se pretende dar unha maior estabilidade e dotar aos sistemas selectivos duns principios de selección máis obxectivos.

Na formulación do réxime deste persoal intervirá por unha parte a Consellería de Facenda, por medio da Dirección Xeral de Función Pública e a de Orzamentos en cuestións menos especializadas, e respecto das máis técnicas encargárase a Axencia Galega de Innovación.

Este Decreto aplicarase á contratación de persoal investigador en toda a Comunidade Autónoma de Galicia, e polo tanto, á propia Xunta de Galicia e ás entidades públicas instrumentais. No artigo 2 do proxecto de decreto se relacionan unha serie de entidades porque se entende que son as que, polo traballo que desenvolven, poden ter a necesidade de contratar persoal investigador, aínda que non é unha lista pechada e mesmo se prevé a súa modificación por orde da consellería de Facenda. Estas entidades ás que nos referimos son as seguintes:

- Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA).
- Axencia Galega de Innovación (GAIN).
- Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde.
- Fundación CESGA.
- Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica.
- Instituto Galego de Calidade Alimentaria (INGACAL).
- Fundación Centro Tecnolóxico da Carne.
- Xenética Fontao, S.A.
- Instituto Tecnolóxico para o control do medio mariño de Galicia (INTECMAR).
- Fundación Centro Tecnolóxico do Mar (CETMAR).

Ábrese un **prazo de alegacións** ao texto do proxecto de Decreto ata o vindeiro **31 de marzo**.

2. ACTUALIZACIÓN DE MÉRITOS DOS AXENTES FACULTATIVOS MEDIOAMBIENTAIS.

O director xeral de función pública informa de que se cambia a denominación deste texto e en lugar de "Resolución" se denominará "Acordo" por requirimento da Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia, que entende que non se debe denominar resolución que como acto administrativo ten unhas características concretas que non se compren neste caso.

Polo que se refire aos cambios a realizar no texto actual, destacamos os seguintes:

- Elimínase totalmente a referencia ao antigo grupo D, e aparece xa a referencia ao subgrupo C1 na que se encadra actualmente a escala de axentes forestais.
- Engadírase en todo o texto a referencia á escala de axentes facultativos medioambientais, á que vai dirixida este acordo, tanto no título coma no articulado e nos anexos que corresponda.

- Polo que respecta ao prazo para a presentación da documentación, faise constar o prazo de 30 días naturais, dende a publicación do acordo.
- Outra das nosas reclamacións era que no texto constasen uns prazos determinados para a realización dos correspondentes ciclos formativos de grao medio ou superior, pero aínda que este non se indica no documento, si existe un compromiso (expresado ai final do parágrafo cuarto) de que se traballará en coordinación coa Consellería de Educación e Ordenación universitaria, para o establecemento dos correspondentes itinerarios formativos unha vez estea analizada a documentación presentada e analizadas todas as situacións nas que se atopa o persoal que forma parte desta escala. En todo caso este aspecto será obxecto de desenvolvemento nun acordo posterior, xa que, dende función pública se nos informa de que a Consellería de Educación conta con ter analizadas a diferentes situacións no mes de xuño.

As modificacións que se van a introducir no texto, adiarán a súa publicación prevista para o próximo mércores, en orde a que o texto gañe en rigor e inclúa as precisións requiridas polas oo.ss.

3. ACORDO POLO QUE SE CONSTITÚE A COMISIÓN DE SEGUIMENTO SOBRE A APLICACIÓN DAS INSTRUCIÓNS SOBRE O RÉXIME DE VACACIÓNS, PERMISOS E LICENZAS, APROBADAS POR RESOLUCIÓN DO 24 DE FEBREIRO DE 2016.

Neste punto presentase a composición e funcións da Comisión de seguimento para a aplicación das instrucións sobre o réxime de vacacións, permisos e licenzas, composta pola administración e polas organizacións sindicais e para cuxa composición se propón a inclusión de dous vogais, con carácter permanente, un por parte da Consellería de Medio Rural e outro por parte da de Política Social, xa que contan con un número importante de persoal que traballa a quendas e con relación aos que xa se están a producir problemas de aplicación das novas instrucións, como xa denunciámos dende a CSI•F.



O prazo de alegacións será **ata o 31 de marzo**, pero requíresenos ás OO.SS. para que maior brevidade posible presentemos as ditas alegacións, para constituír a comisión nun prazo de tempo menor. En todo caso, dende a Dirección Xeral de Función pública xa se puxo en coñecemento destes prazos á Consellería de Política social, xa que o prazo que establece o convenio para solicitar as vacacións é ata o 31 de marzo, e que se aconsella a súa ampliación ata o 15 de abril para facilitar a constitución da dita comisión. O director xeral de función pública comprométese a facer extensiva esta mensaxe a aquelas outras consellerías con persoal a quendas, e nomeadamente á Consellería de Medio Rural.

En concreto, respecto da **Consellería de Política Social**, debido á **problemática** xerada polas "X" incluídas nas **carteleiras** do persoal que traballa a quendas, dende a Dirección Xeral avanza a probabilidade de ampliar o prazo de solicitude de vacacións que remataría o 15 de abril.

Dende CSI•F formulamos a **indeterminación do contido das "X"** que figuran nas carteleiras dos traballadores a quendas e solicitamos da Administración que informe do carácter das mesmas. Queremos saber si se consideran días hábiles ou inhábiles, posto que é unha diferenza substancial a hora de solicitar vacacións, permisos ou licencias.

Dende CSI•F **solicitamos** á Administración que esta nova figura implantada nas carteleiras dos centros asistenciais, se **inclúa de xeito claro, conciso e concreto nas instrucións sobre Vacacións, Permisos e Licencias, de forma que o seu carácter e aplicación sexa homoxéneo en tódolos centros.**

O Director Xeral de Función Pública convídanos a presentar estas demandas en forma de alegacións antes do 31 de marzo, posto que nesta Xuntanza non está previsto tratar este tema.

Dende CSI•F **denunciamos** que **nalgúns centros asistenciais están a conceder 6 días por asuntos particulares**, na vez dos 8 días regulamentarios para o ano 2016. Facemos alusión ao punto 4 da Instrución Décimo Cuarta da Sección 2ª (Permisos por asuntos particulares) que establece que cando os días 24 e 31 de decembro coincidan en sábado ou domingo terase dereito a dous días adicionais de asuntos particulares e que o persoal que traballe eses días poderán gozar dun día adicional de asuntos particulares por cada día traballado. Denunciamos que nos centros asistenciais estase a incumprir de forma flagrante a instrución contida na Resolución do 24 de febreiro de 2016, da Dirección Xeral da Función Pública, xa en vigor. O Director Xeral manifesta que ten información contraditoria neste senso, posto que lle din que os dous días a maiores xa están incluídos nas carteleiras. Negamos este extremo informándolle de que nas carteleiras figuran 14 F e en algún centros lles dan 6 asuntos particulares.

Quédase de tratar proximamente este tema estando presente persoal da administración con coñecementos concretos nesta materia.

4. OUTRAS INFORMACIÓNS:

a. **Modificación nos estatutos de GAIN e no Decreto Oportunius:** como consecuencia dunha tacha de legalidade do Consello Consultivo de Galicia modifícanse os estatutos da Axencia Galega de Innovación (en concreto engádese o **artigo 25 bis**) no sentido de incluír a posibilidade de contratación por parte da dita axencia de persoal laboral propio "contratado baixo a modalidade de contrato de investigador distinguido, previsto no artigo 23 da Lei 14/2011, do 1 de xuño, da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación, e segundo o establecido na disposición adicional primeira da Lei 12/2014, do 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas e conforme ao réxime de contratación que se estableza para estes efectos".

b. Xa están dispoñibles para acceso restrinxido ao persoal da administración autonómica as **instrucións** para a solicitude do certificado de **antecedentes penais en relación co artigo 13.5 da Lei Orgánica de protección xurídica do menor**.

c. **Modificacións no proxecto de decreto polo que se modifica o Decreto 37/2006, do 2 de marzo, polo que se regula o nomeamento do persoal interino para o desempeño con carácter transitorio de prazas reservadas a funcionarios e a contratación temporal de persoal laboral da Xunta de Galicia.**

Comunícanse as seguintes modificacións feitas a iniciativa da Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia, aínda que non se trata de modificacións substanciais. Son as seguintes, que se resaltan en cor verde:

Artigo 15: Suspensión de chamamentos.

1. De oficio: "A aceptación dun chamamento **polas listas elaboradas en aplicación deste decreto**, para unha categoría, corpo, escala ou especialidade suporá a suspensión dos chamamentos tanto para outros ámbitos da mesma lista como para listas correspondentes a outras categorías, corpos, escalas ou especialidades (...)"

2. Por solicitude do/a interesado/a. "**Os/as integrantes das listas que non se atopen prestando servizos para os que tivesen sido seleccionados/as a través deste decreto, poderán solicitar a suspensión das citacións. O modelo de solicitude estará a disposición dos interesados no portal web corporativo da Xunta de Galicia e deberá presentarse electronicamente (...)**".

Artigo 18. Penalización.

No parágrafo primeiro, alínea a) "A **falta de presentación ao acto de selección ou a renuncia a posto cando traia causa de forza maior apreciada pola Comisión Permanente.**

No mesmo parágrafo, alínea c), inciso final; "**Establécese un prazo obrigatorio de preaviso ao servizo de persoal correspondente de vinte días naturais**".

No mesmo artigo e dentro do parágrafo primeiro, "**A solicitude presentada durante o período de penalización producira efectos transcorrido o prazo dun ano que se contará desde a data do acto de selección a que fosen convocados ou da renuncia si esta dose posterior**".

d. **Modificación da RPT de Educación, ao respecto do persoal funcionario non docente de centros educativos:**

Dende a CSI•F denunciámos perante a Dirección Xeral de Función Pública e a Subdirección Xeral de Recurso Humanos da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, as irregularidades que se están a producir na tramitación da modificación da RPT da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. En concreto, a intervención dunha serie de inspectores de educación co teórico fin de "dar cumprimento á Proposta de modificación da Relación de Postos de Traballo do persoal funcionario non docente dos centros educativos, que se está a tramitar na Subdirección Xeral de Recursos Humanos".

Nas ditas visitas, os inspectores levanta actas que en moitos casos pasan a sinatura dos/as traballadores/as, mesmo baixo unha certa coacción, efectuando cambios sobre a proposta presentada pola propia Consellería de Educación, feitos que consideramos de extrema gravidade e vulnerando de maneira absoluta a negociación aberta coas OO.SS. Dende a CSI•F solicitamos con carácter de urxencia, que dende a D.X. de Función Pública, **diten acto ou resolución pola que, de maneira expresa, deixen sen contido e anulen as ditas actas, polas que se proceden a modificar unha proposta de modificación da Relación de Postos de Traballo suprimindo e adscribindo postos de traballo.**

O director xeral de función pública, asegura que nesta modificación de RPT se seguirá o procedemento e establecido ordinariamente para a reasignación de efectivos, e se fará unha comunicación ao persoal afectado directamente dende a dita dirección xeral, e en aplicación dos criterios que se aplicaron con anterioridade noutros casos, como na RPT da Consellería de Medio Rural e de Traballo respecto do persoal funcionario.

8. O CAMBIO HORARIO DE VERÁN EFECTUARASE O VINDEIRO 27 DE MARZO



O vindeiro 27 de marzo de 2016 producirase o seguinte cambio no horario de inverno ao horario de verán. Será na noite do sábado ao domingo onde se terá que mover o reloxo unha hora. **As 2.00 h. da mañá adiantarase o reloxo e cambiará para as 3.00 h. da mañá.** Con esta medida perderase unha hora.

Cada zona horaria ten varias denominacións que serven para referenciala. A máis utilizada é un código de tres letras que no noso caso é o CET (Central Europe Time). O cambio de horario ven motivado para lograr un aforro enerxético posto que na primavera e verán amañece antes e anoitece máis tarde que permite aproveitar ao máximo o maior número de horas de luz que hai no día. Calcúlase que con este cambio de hora a familia media pode aforrar ata un 5% de enerxía no fogar, que traducido ao ámbito empresarial, o aforro pode ser moito maior.

Os efectos do cambio de hora no organismo son leves e os máis afectados son os nenos e nas persoas anciáns y a aquelas persoas con problemas neurolóxicos, xa que se producen alteracións no reloxo biolóxico e transtornos leves no sono que non soe durar máis de tres días.

O que podemos ir facendo para acostumarnos é facer uns simples cambios de hábitos no día a día para facilitar que o cambio de hora non supoña ningunha crise no noso organismo. Podemos madrugar un pouco o sábado e o domingo para que se habitúe o máis axiña o luns ou facer un pouco de exercicio como realizar unhas camiñadas, etc.



9. CONVOCATORIA DE PRBAS DE AVALIACIÓN PARA A OBTENCIÓN DO CODIX EN OFIMÁTICA



AMTEGA - DOG, 15 DE MARZO

Resolución do 8 de marzo de 2016 pola que se convocan **probos de avaliación de carácter libre para a obtención da certificación galega de competencias dixitais en ofimática.**

DESTINATARIOS

Poden participar nestas probas todas aquelas persoas maiores de 16 anos, ou que os fagan antes da finalización do prazo de inscrición, inscritas como usuarias da Rede Cemit.

CONTIDOS DA PROBA

1. O temario para a avaliación será o descrito no módulo formativo MF0233_2 «Ofimática» (190 horas), asociado á unidade de competencia UC0233_2 Manexar aplicacións ofimáticas na xestión da información e a documentación, Rede Cemit ten publicados na súa plataforma de teleformación (<http://cemit.xunta.gal/ema>)



2. Os materiais formativos que forman parte do curso Codix baixo a modalidade de autoformación como material de apoio para a preparación destas probas:

- Sistema operativo, busca da información: internet/intranet e correo electrónico.
- Aplicacións informáticas de tratamento de textos. LibreOffice Writer.
- Aplicacións informáticas de follas de cálculo. LibreOffice Calc.
- Aplicacións informáticas de bases de datos relacionais. LibreOffice Base.
- Aplicacións informáticas para presentacións: gráficas de información. LibreOffice Impress.

LUGAR E DATAS DE CELEBRACIÓN

As probas de avaliación presencial que se convocan desenvolveranse de acordo co calendario que indica na resolución. As probas de avaliación terán lugar nas dependencias das aulas CeMIT de cada localidade indicada no punto anterior, localizacións que se poden consultar na web: <http://cemit.xunta.es/centros>.

SOLICITUDES DE PARTICIPACIÓN

As persoas que desexen participar nas probas presenciais deberán inscribirse na páxina web de CeMIT <http://cemit.xunta.es>.

O prazo será de **7 días naturais** a partir do seguinte ao da publicación desta resolución no DOG.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

Por rigorosa orde de recepción de inscricións.

10. OFERTAS PÚBLICAS DE EMPREGO NAS ENTIDADES LOCAIS DE GALICIA

[CONCELLO DE MURAS - BOP LUGO, 17 MARZO](#)

Bases que rexerán a convocatoria para a contratación dun/ha traballador/a social.

REQUISITOS

Ser diplomado/a en Traballo Social, Asistencia Social, Grao de Traballo Social ou titulación equivalente.

PRAZO

10 días naturais, contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no BOP.

[CONCELLO DE MAÑÓN - BOP CORUÑA, 18 MARZO](#)

Convocatoria para a selección en réxime laboral temporal dun técnico deportivo

REQUISITOS

Deberá estar en posesión do título de técnico en actividades físicas e animación deportiva, de licenciado en educación física, ou maxisterio (especialidade de educación física).

PRAZO

Sete días naturais contados dende o día da publicación do anuncio no BOE.

[CONCELLO DE PORTOMARÍN - BOP LUGO, 18 MARZO](#)

Regulamento e bases xerais e específicas da bolsa municipal de emprego para a contratación de persoal laboral temporal para **axuda no fogar**.

Apertura de prazo á presentación de instancias (prazo de **10 días hábiles**) contados a partir do día seguinte a presente publicación no BOP.

[CONCELLO DE MONTERROSO - BOE, 16 MARZO](#)

Resolución de 26 de febrero de 2016, referente a la convocatoria para proveer una plaza de **Administrativo**, mediante funcionarización, por el sistema de concurso-oposición, por promoción interna.

El plazo de presentación de las solicitudes será de **veinte días naturales**, contados a partir del siguiente al de la publicación del anuncio de convocatoria en el BOE.

[CONCELLO DE CELANOVA - BOP OURENSE, 16 MARZO](#)

Convocatoria do proceso selectivo e as bases xerais e específicas reguladoras para a selección e posterior contratación laboral temporal dun/dunha traballador/a para a ocupación de **(1) auxiliar administrativo**.

O prazo para a presentación de solicitudes será de **10 días naturais**, contados a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria no Bop.

[CONCELLO DE TUI - BOP PONTEVEDRA, 14 DE MARZO](#)

Bases reguladoras da lista de reserva para a provisión interina dunha praza de **arquitecto técnico** da escala de administración especial, encadrada no grupo A, subgrupo A-2.

O prazo de presentación das instancias é de **dez días naturais**, contados dende o día seguinte á publicación deste anuncio no BOP.

[CONCELLO DE TUI - BOP PONTEVEDRA, 14 DE MARZO](#)

Bases reguladoras do proceso selectivo para a configuración dunha lista de reserva para a provisión interina dunha praza de **técnico de administración xeral**, encadrada no grupo A, subgrupo A-1.

O prazo de presentación das instancias é de **dez días naturais**, contados dende o día seguinte á publicación deste anuncio no BOP.

[CONCELLO DE TUI - BOP PONTEVEDRA, 15 DE MARZO](#)

Bases de selección para a contratación laboral temporal, dun/ha **traballador/a social**.

O prazo de presentación das instancias é de **dez días naturais**, contados dende o día seguinte á publicación deste anuncio no BOP.

[CONCELLO DE VIGO - BOP PONTEVEDRA, 16 DE MARZO](#)

Bases xerais e específicas, e convocatoria oferta de emprego público 2012.

PRAZAS DE FUNCIONARIO DE CARREIRA:

- 4 administrativos de Administración xeral
- 5 auxiliar de Administración xeral
- 1 inspector auxiliar de obras, servizos e infraestruturas
- 2 condutor-bombeiro

PRAZO


20 días naturais a partir do seguinte da convocatoria no BOE.

[CONCELLO DE BUEU - BOP PONTEVEDRA, 17 MARZO](#)

Convocatoria as bases para unha bolsa de traballo para contratación de persoal laboral temporal como **educadores/as sociais**.

O prazo de presentación de instancias é de **10 días hábiles** a contar desde o día seguinte á publicación deste anuncio no BOP.

11. GUÍA DE PRIMEIROS AUXILIOS: AFOGAMENTO E URXENCIAS PEDIÁTRICAS



AFOGAMENTO

O afogamento por asfixia ou inmersión prodúcese pola obstrución dun medio líquido ao paso do aire ao interior das vías aéreas, o que supón unha total ou menor chegada de líquido aos pulmóns.

O caso de atragantamento, prodúcese polo bloqueo das vías aéreas por algún obxecto, podendo obstruír de xeito total ou parcial o paso do aire aos pulmóns.

Adoita aparecer espasmo na glotis (garganta), o que dificulta o paso do aire.

Segundo o medio en que se produza, a inmersión pode ser:

- En **auga de mar**, polas súas características, provoca o paso de líquido cara aos pulmóns chegando a producir lesións graves.
- En **auga doce**, polas súas características, pasa rapidamente desde os pulmóns cara ao torrente sanguíneo, producindo lesións graves.

- ☑ En **piscinas**, que ten as características do auga doce, co agravante do cloro que produce acción tóxica nos pulmóns.
- ☑ En **augas contaminadas**, agravadas pola contaminación bacteriana e química.

Que facer:

- ✓ En lugares onde se atope socorrista, chame a súa atención e indíquelles o lugar.
- ✓ Si é posible, extraia á vítima do lugar onde se está producindo o suceso. Si non sabe nadar abstéñase de iniciar o salvamento e chame ao servizo de urxencias 112.
- ✓ En caso de poder sacar á vítima, valore o seu nivel de consciencia. Si está inconsciente, chame ao 112 indicando a situación na que se atopa.
- ✓ Observe si respira. Si non respira ou a súa respiración é ineficaz (boqueos, escaso movemento torácico), inicie manobras de reanimación cardiopulmonar.
- ✓ Manexe á vítima coma se existise lesión da columna cervical.
- ✓ Manteña a temperatura corporal da vítima tapándoa con mantas.
- ✓ Poña en posición lateral de seguridade á vítima ata a chegada dos servizos de urxencia.

Que NON facer:

- Intentar salvar á vítima si non sabe nadar

URXENCIAS PEDIÁTRICAS

Avise ao 112 si observa algún destes signos e síntomas:

- Alteración anormal da conduta.
- Dificultade para respirar con normalidade.
- Alteracións na coloración da pel.
- Convulsións.
- Vómitos persistentes.
- Febre alta.

As enfermidades máis frecuentes na infancia son a dificultade respiratoria, a deshidratación e a febre.

1. Dificultade respiratoria

Posiblemente de orixe viral (catarros, bronquite, rinite, larinxite). Estes procesos poden complicarse, provocando inflamación na garganta ou pechadura dos bronquios, ocasionando dificultade respiratoria.

☀ **Signos de alerta:**

Avise a emerxencias si observa algún destes signos e síntomas:

- ☑ Respiración laiante, dificultosa, con uso da musculatura do tórax para axudarse a respirar. Movementsos rápidos das fosas nasais (aleteos). Si o neno non respira ou a súa respiración é ineficaz (boqueos, escaso movemento torácico) inicie manobras de reanimación cardiopulmonar.



- Presenza de ruídos ou pitidos ao respirar.
- Angustia.
- Ton muscular debilitado.
- "Tos perruna" (estridente).
- Cor azulado na pel e nas mucosas (beizos).
- Baixo estado de ánimo, tendencia ao soño, baixo nivel de consciencia.
- Febre alta (máis de 38 grados centígrados).

Que facer:

- ✓ Incorpore ao neno e sentir.
- ✓ Afróuxelle a roupa.
- ✓ Lévelle a un lugar con aire fresco.
- ✓ Reavalíe de xeito continuo o estado xeral do neno.
- ✓ Cando os servizos de urxencias cheguen, explique as circunstancias, os síntomas referidos e as modificacións do estado da vítima e as medidas realizadas sobre el, así como calquera información de interese recollida (antecedentes, tratamentos).

Que NON facer:

- Administrar medicación pola súa conta.
- Desabrigarle.

2. Deshidratación

É a perda de auga do organismo, provocada por problemas dixestivos, como gastroenterite aguda, ou pola exposición a altas temperaturas.

☀ Signos de alerta:

Avisé a emerxencias si observa algún destes signos e síntomas:

- Inconsciencia.
- Que non ouriña.
- Ollos, lingua e beizos secos.
- Que a pel quédase en forma de pliegue ao pellizcala
- Febre moi alta.
- Convulsións.



Que facer:

- ✓ Si está inconsciente e respira, coloque ao paciente en posición lateral de seguridade.
- ✓ Si non respira ou a súa respiración é ineficaz (boqueos, escaso movemento torácico) inicie manobras de reanimación cardiopulmonar.
- ✓ Si está consciente, déalle de beber auga ou líquidos con sales minerais e glucosa, a sorbiños.

- ✓ Reevalúe de xeito continúa o estado xeral do neno.
- ✓ Cando os servizos de urxencias cheguen, explique as circunstancias, os síntomas referidos e as modificacións do estado da vítima e as medidas realizadas sobre el, así como calquera información de interese recollida (antecedentes, tratamentos).

3. Febre

Normalmente provocada por procesos víricos ou infeccións. Ocasionan nerviosismo e ansiedade e, nalgunhas ocasións, a febre alta pode provocar convulsións.

Que facer:

- ✓ Trate de baixar a temperatura corporal, arrefriando progresivamente con panos húmidos aplicados sobre a fronte, caluga, pregues (axilas, ingles) ou bañando ao neno en auga morna.
- ✓ Desarroupe ao neno. Afásteo das correntes de aire

12. THE WEEKLY PRESS

[El Gobierno aprueba 13.427 plazas y afirma que necesita funcionarios](#) EL IDEAL GALLEGO

[R.D. por la que se aprueban las ofertas de empleo público para el año 2016, de la Policía Nacional y del Cuerpo de la Guardia Civil](#) REFERENCIA DEL CONSEJO DE MINISTROS

[Facenda devolverá 792 euros de media en abril y septiembre a 100.000 funcionarios](#) LA VOZ DE GALICIA

[A xunta aboará na nómina de abril outro 25% da paga extra de 2012 e completará en setembro a súa devolución](#) CONSELLO DA XUNTA

[La Xunta devolverá a su plantilla 900 euros de la extra repartidos entre abril y septiembre](#) FARO DE VIGO / LA OPINIÓN

[Hacienda baraja devolver parte de la extra a los funcionarios en abril](#) CINCO DÍAS

[Los trabajadores del Banco de España y Aena ya han recuperado por completo la extra suprimida en 2012](#) VOZPÓPULI

[Más de 13.800 opositores para 89 plazas laborales en la Xunta](#) LA VOZ

[Aena dilapidó 200.000 euros en distribuir exámenes de empleo con fallos](#) CRONICA GLOBAL

[Os altos directivos de entidades da Xunta custan tanto como o Goberno](#) PRAZA

[CSIF batalla contra el 'monopolio' sindical de CC OO y UGT](#) CINCO DÍAS

[CSIF y USO denuncian el mantenimiento de miles de delegados "FANTASMA" de CCOO y UGT](#) CINCO DÍAS

[CSIF quiere acabar con el "bipartidismo sindical"](#) ABC

[Bomberos, médicos y profesores, los funcionarios mejor valorados](#) EL MUNDO

[La deuda autonómica triplica a la del resto de administraciones](#) EL MUNDO

[La deuda pública gallega escala a su máximo histórico, pero es la que menos crece en España](#) LA VOZ

[Hacienda cubrirá este año 6.300 plazas de 7.300 bajas](#) CINCO DÍAS

[Los sueldos de los gallegos subieron cuatro veces menos que en España y solo en industria y construcción](#) LA VOZ DE GALICIA

[El sindicato de funcionarios afirma que la falta de Gobierno ha creado un déficit de 40.000 empleos públicos](#) ABC

[CSIF facilita a los funcionarios catalanes que blinden su IRPF](#) CINCO DÍAS

[La precariedad laboral hunde un 21% las cotizaciones a la Seguridad Social](#) PÚBLICO

[Junqueras expone a multas del fisco a 5.000 empleados públicos](#) EL MUNDO

[Nuevas medidas para 'blindar' los pagos de los funcionarios](#) EL MUNDO

[CSIF se ve con la Delegada del Gobierno en Cataluña para abordar la repercusión del plan soberanista en los funcionarios](#) **EL DIARIO**

[Un funcionario de CSIF y APSI presentan alegaciones para recuperar las plazas eliminadas en 2012 en Sada](#) LA OPINIÓN

Departamento Comunicación CSI-F Galicia

Rúa do Valiño, 65, baixo

15707 Santiago

Teléfono: 981 575 140

Nos puede seguir en Facebook (Herald Toupeiras) y Twitter (@HeraldToupeiras)



CSI-F Unión Provincial A Coruña
Rúa Bugallal Marchesi, 5 - Entre chan, der.
15008 A Coruña
Tel. 981 134 113
Fax: 981 060 324
coruna@csi-f.es

CSI-F Unión Autonómica Galicia
Rúa do Valiño, 65 - baixo
15707 Santiago de Compostela
Tel. 981 560 951 Fax: 981 575 140
galicia@csi-f.es

CSI-F Unión Provincial Lugo
Rúa Conde, 2 - Baixo posterior
27003 Lugo
Tel. 982 250 169 982 254 859
Fax: 982 245 521
lugo@csi-f.es



CSI-F Unión Provincial Pontevedra
Rúa Marqués de Riestra, 18 - Entre chan
36001 Pontevedra
Tel. 986 896 900
Fax: 986 896 901
pontevedra@csi-f.es

CSI-F Unión Provincial Ourense
Rúa Progreso, 145 - Entre chan
32003 Ourense
Tel. 988 241 111
Fax: 988 213 538
ourense@csi-f.es

www.heraldtoupeiras.es



2016

